# Contido

Xestión do plan de Investigación e do plan de Formación persoal de Doutoramento RD 99/2011 dende a SVE ........ 2

1.1. Creación do plan de Investigación e plan de Formación persoal ........ 4

1.2. Edición dun plan de investigación e plan de formación persoal ........ 5

1.2.2 Liñas de investigación........ 6

1.2.1 Datos xerais ........ 7

1.2.3 Apartados do plan de investigación e plan de formación persoal........ 7

1.2.4 Informe do plan de investigación........ 8

1.3. Eliminar un plan de investigación ........ 9

1.4. Enviar un plan de investigación e plan de formación a resolución ........ 9

1.5. Plan de investigación e plan de formación persoal resolto favorablemente ........ 10

1.5.1 Modificación dun plan de investigación e formación ........ 10

1.6. Plan de investigación resolto desfavorablemente........ 12

# Xestión do plan de Investigación e do plan de Formación persoal de Doutoramento RD 99/2011 dende a SVE

Na secretaría virtual do estudante (SVE) premendo sobre o enlace de “Consulta expediente Doutoramento RD 99/2011”, do menú **Expedientes**, poderase acceder ao subexpediente de doutoramento da persoa estudante. Nesta páxina do subexpediente, o estudante contará na sección Plan/es asociado/s co seu plan de Investigación e plan de Formación persoal.



## Datos do subexpediente de doutoramento

### Datos persoais

Documento:
Apelidos e nome:
Data nacemento:
Teléfono:
Móbil:
Correo-E:
Enderezo:

Programa:

Acceso:

Datos non editables

Prema aquí para ver datos do formulario de acceso.

Acceder á solicitude de defensa

*[Ver compromisos documentais]*

### Cómputo de tempo

| D. Inicio | D. mínima para a presentación da tese | D. fin prevista | Data de lectura | Data de fin de estudos |
|---|---|---|---|---|
| 09/10/2023 | 09/04/2025 | 09/10/2026 | | |

Preme aquí para ver en detalle

### Dedicación asociada

Neste apartado mostrase a dedicación que tes asociada actualmente para este programa de doutoramento.

| Tipo de Dedicación |
|---|
| T. Completo |

Prema aquí para xestionar a dedicación

### Tramo de alta/baixa asociado

Neste apartado mostrase o tramo de alta/baixa que tes asociado actualmente para este programa de doutoramento.

| Tipo de Tramo |
|---|
| Alta |

Prema aquí para xestionar as altas e baixas

### Titor asociado

Neste apartado mostrase o titor que tes asociado actualmente para este programa de doutoramento.

| Nome | D. Aprobación | Data de inicio | Data fin |
|---|---|---|---|
| Dato non editable | 03/10/2023 | 03/10/2023 | - |

Perfil autorizado

Prema aquí para xestionar titores

### Director/es asociado/s

Neste apartado mostrase o/s director/es que tes asociado/s actualmente para este programa de doutoramento.

| Nome | D. Aprobación | Data de inicio | Data fin |
|---|---|---|---|
| Dato non editable | 03/11/2023 | 03/11/2023 | - |

Perfil autorizado

Prema aquí para xestionar directores

### Plan/es asociado/s

Neste apartado mostrase o/s plan/es de investigación que tes asociado/s.

**Non existe ningún plan de investigación asociado a este subexpediente.**

Prema aquí para crear un plan de investigación

### Documento de actividades

Neste apartado amósase o documento de actividades.

| Documento de Actividades | Data de modificación |
|---|---|
| Preme aquí para editar o documento de actividades | 24/11/2023 |

### Avaliacións anuais

Neste apartado amósanse as distintas avaliacións anuais realizadas para este alumno.

**Non existe ningunha avaliación anual para este subexpediente**

### Complementos formativos

Neste apartado amósanse os teus complementos formativos.

**Non existe ningún complemento formativo asociado a este subexpediente.**

**Preme *aquí* se desexas unha certificación con todos os datos do doutoramento (altas, baixas, dedicacións, titores e directores) incluindo os históricos.**

## 1.1. Creación do plan de Investigación e plan de Formación persoal

Neste apartado de Plan/es asociado/s poderase crear o plan de investigación e formación premendo sobre o enlace ***Prema aquí para crear un plan de investigación***.




**IMPORTANTE**: se <u>non ten asignado director/ra de tese</u> a aplicación non habilita o enlace de crear o plan de investigación, polo que deberá remitir un correo electrónico ao programa de doutoramento no que está matriculado para que a CAPD do programa asigne a dirección.




Logo de premer no enlace, amosarase unha pantalla para cubrir cos datos iniciais:




Os datos que debe cubrir son os seguintes:

- *Curso académico*
- *Idioma da tese*

O idioma seleccionado debe ser o idioma da futura tese que deberá corresponderse co idioma de redacción do Plan de investigación e de formación.

Unha vez introducidos, debe premer sobre o botón ***Gardar Datos*** para crear o plan de investigación e plan de formación persoal.

## 1.2. Edición dun plan de investigación e plan de formación persoal

O seguinte paso que debemos realizar cun plan de investigación e plan de formación creado é cubrir o título e resumo nos idiomas requiridos.




Unha vez cumprimentado o título e resumo da tese nas linguas esixidas, ten que premer sobre o botón ***Gardar Datos***.

Feito isto, deberá seleccionar a liña de investigación acorde co plan de investigación:

### 1.2.2 Liñas de investigación



## Liñas de investigación

A continuación móstranse as liñas de investigación engadidas ó plan de investigación.

| Liña de investigación | |
|---|---|
| | |

Seleccionada a liña, e engadida coa icona , **despregaranse o resto de apartado**s do plan de investigación e de formación persoal que deberá cumprimentar obrigatoriamente:



## Liñas de investigación

A continuación móstranse as liñas de investigación engadidas ó plan de investigación.

| Liña de investigación | |
|---|---|
| Cálculo Diferencial e Integral | |
| | |



## Apartados do plan de investigación

A continuación móstranse os distintos apartados que debes cubrir para poder continuar coa tramitación do plan. Indícase en cor vermella aqueles apartados obrigatorios que todavía non se cubriron.

- ANTECEDENTES **(Máx.: 8000 caracteres)**
  Describir o estado actual de coñecemento do tema, incluíndo as referencias bibliográficas máis relevantes.
- OBXECTIVOS **(Obrigatorio, Máx.: 4000 caracteres)**
  Indicar obxectivos xerais e/ou específicos. Indicar o problema ou argumentación que se quere responder, estudar ou analizar, así como as finalidades e metas concretas do estudo.
- METODOLOXíA **(Obrigatorio, Máx.: 8000 caracteres)**
  Indicar os métodos e procedementos que se utilizarán para acadar os obxectivos propostos.
- CENTRO/S DE REALIZACIÓN DA TESE **(Obrigatorio, Máx.: 1000 caracteres)**
  Indicar o centro/s e lugar/es onde desenvolverá a tese.
- MEDIOS **(Obrigatorio, Máx.: 4000 caracteres)**
  Indicar o grupo de investigación da USC ao que se vincula (de ser o caso). Indicar se o estudo se realiza ao abeiro dun proxecto ou convocatoria de financiamento (especificar). Indicar se o doutorando conta con bolsa ou contrato (especificar).
- PLANIFICACIÓN TEMPORAL DO TRABALLO **(Obrigatorio, Máx.: 4000 caracteres)**
  Indicar as tarefas a desenvolver e do tempo previsto para levar a cabo as distintas fases da realización da tese, referido ao marco temporal da duración estimada da tese. (Máx.: 4000 caracteres)
- ASPECTOS ÉTICOS E LEGAIS **(Máx.: 3000 caracteres)**
  Indicar, de ser o caso, os principios éticos e a normativa xurídica referida ao traballo de investigación.
- TRANSFERENCIA DE RESULTADOS **(Máx.: 4000 caracteres)**
  Transferencia de resultados
- Plan de Formación (obrigatorio ***) **(Máx.: 6000 caracteres)**
  Descrición da proposta de formación previsto durante os estudos de doutoramento. (***) Apartado de carácter obrigatorio para os doutorandos/as que inician os seus estudos no curso 2023/24 ou con posteriodidade.

**Gardar apartados**

## Xestión de documentos adxuntos

A continuación ofréceseche a opción de xestionar un documento adxunto que incorpore toda a información necesaria do plan.

*Visualizar Plan de investigación* | *Eliminar* | *Modificar Plan de investigación*

**Lembra que para enviar o plan de investigación a resolución deberás premer no seguinte enlace. Unha vez enviado, non poderás modificar os datos do plan.**

**Enviar ao titor/a ou director/a**

**Voltar** | **Informe do plan de investigación** | **Eliminar**

O estudante de doutoramento ten a posibilidade opcional de anexar un arquivo con información sobre o plan de investigación; isto non exime de cubrir os apartados do PI, premendo sobre o enlace Anexar Plan de investigación no seguinte apartado:




Unha vez engadido o documento desexado, teremos as opcións de visualizar o documento, eliminalo, ou modificar/substituír por outro:




### 1.2.1 Datos xerais

Neste apartado mostraranse os principais datos dun plan de investigación. Distinguiremos os datos modificable dos non modificables. Entre os datos <u>non modificables</u> do plan temos os seguintes:

- *Documento*
- *Apelidos e nome*
- *Programa*
- *Rama de coñecemento do programa*
- *Estado e data de estado do plan*
- *Versión do plan*

Como datos <u>modificables</u> nesta pantalla de edición temos:

- *Data de solicitude*
- *Curso académico*
- *Idioma da tese*
- *Idioma do Plan de Investigación*
- *Título e resumo do proxecto en todos os idiomas precisados*

Para levar a cabo calquera modificación sobre estes datos debe premer sobre o botón ***Gardar Datos*** mostrado ao final da sección.

Tamén poderá eliminar unha liña do plan de investigación premendo sobre a icona correspondente.

### 1.2.3 Apartados do plan de investigación e plan de formación persoal

De seguido aparecen os distintos apartados do Plan de investigación e de formación persoal, nos que debera introducir a información sen utilizar carácteres especiais de formato.

Lembren que a opción de anexar un arquivo co plan de investigación, non exime da obriga de encher todos os apartados:




**O Plan de Formación persoal** é un novo apartado de obrigado cumprimento paras os estudantes de doutoramento que inician os estudos no curso 2023/2024 e seguintes; introducido polo Real Decreto 576/2023, de 4 de xullo, que modifica o Real Decreto 99/2011, de 28 de xaneiro, que regula as ensinanzas oficiais de doutoramento. Neste apartado deberase relacionar as actividades formativas que prevé desenvolver o estudante durante a súa etapa de tese, o cal ten que ser planificado e acordado co director/ra, titor/ra e co programa de doutoramento.

Para unha maior visualización da páxina, os apartados móstranse sempre comprimidos. Para introducir a información para cada un deles desprégase premendo sobre a icona ou o nome do mesmo. **Os apartados debe cubrirse no idioma elixido para a redacción da tese.**

Para gardar a información introducida debe premer sobre o botón ***Gardar apartados***.

### 1.2.4 Informe do plan de investigación

O estudante de doutorando poderá sacar un informe con todos os datos do plan de investigación e plan de formación persoal cumprimentados, premendo sobre o enlace correspondente que atopará ao final do plan seleccionado:



## 1.3. Eliminar un plan de investigación

A persoa doutoranda poderá eliminar un plan de investigación e plan de formación persoal previamente creado sempre que este se atope no estado "**En Preparación**".

Para isto deberá premer sobre o botón *Eliminar Plan de investigación* dentro da pantalla de edición do mesmo.




O sistema pedirá confirmación desta eliminación:




## 1.4. Enviar un plan de investigación e plan de formación a resolución

Unha vez cubertos todos os datos obrigatorios dun plan de investigación e do plan de formación persoal, o sistema amosará ao final da pantalla o enlace para enviar o plan a informe do seu director/a de tese que ten como perfil autorizado.

**O plan non se entenderá presentado ata o envío a resolución**, premendo en "Enviar ao titor/a ou director/a" tal e como amosa a imaxe seguinte.



O sistema pedirá confirmación:




Unha vez que o estudante confirme o envío a resolución, os datos do plan pasará a ser non modificables, e o estado do mesmo cambiará a “***Pendente de informe polo titor/director***”.

## 1.5. Plan de investigación e plan de formación persoal resolto favorablemente

O estudante poderá consultar o estado no que se atopa o seu plan de investigación e plan de formación persoal na táboa de plans de investigación situada na súa páxina de subexpediente de doutoramento.

Se o plan se resolveu favorablemente por parte da CAPD, o estado do plan será “***Aprobado***” e a versión será a 1.0:

**Plan/es Asociado/s**

Neste apartado mostrase o/s plan/es de investigación que tes asociado/s.

| Estado | Versión | Data de solicitude |
| --- | --- | --- |
| Aprobado | 1.0 | 17/03/2014 |

### 1.5.1 Modificación dun plan de investigación e formación

O estudante de doutoramento poderá crear modificacións sobre o seu último plan co estado “**Aprobado**”. Para isto, deberá entrar na páxina de edición de datos do plan. O sistema amosará un novo botón “***Crear modificación***”, e pedirá confirmación da acción:







Esta acción creará un novo plan, e reproduce unha copia do plan de investigación e de formación persoal seleccionado co estado "*En Preparación*":

**Plan/es Asociado/s**

Neste apartado mostrase o/s plan/es de investigación que tes asociado/s.

| Estado | Versión | Data de solicitude |
|---|---|---|
| En preparación | - | 17/03/2014 |
| Aprobado | 1.0 | 17/03/2014 |

As posibles resolucións favorables ou desfavorables causarán versións 1.1, 1.2, etc.

## 1.6. Plan de investigación resolto desfavorablemente

Se o plan se resolveu desfavorablemente por parte da CAPD, o estado do plan será "***Rexeitado***" e a versión será a 1.0.

**Plan/es Asociado/s**

Neste apartado mostrase o/s plan/es de investigación que tes asociado/s.

| Estado | Versión | Data de solicitude |
|---|---|---|
| Rexeitado | 1.0 | 17/03/2014 |

**Prema aquí para crear un plan de investigación**

Premendo sobre o plan con estado "***Rexeitado***" poderá consultar os datos do mesmo, sen posibilidade de modificalos. Para presentar un novo plan, deberá premer sobre o enlace correspondente na páxina do subexpediente de doutoramento do estudante.

**Debe comprobar a data límite establecida pola CAPD para presentar un novo Plan de Investigación e formación.**

**Plan/es asociado/s**

Neste apartado mostrase o/s plan/es de investigación que tes asociado/s.

| Estado | Versión | Data de solicitude de avaliación |
|---|---|---|
| Rexeitado | 1.0 | 05/02/2024 |
| En preparación | - | - |

**Data límite de presentación: 13/02/2024**